PACO FERREIRA GONZALEZ (1 para 1)
Alcalde Presidente de Gondomar
Data de Sinatura: 24/11/2026
HASH: 12f7157c6a0894dd87a1599b16c862a7

BASES DO VII MERCADO DE NADAL NO CONCELLO DE GONDOMAR

O Concello de Gondomar, a través da súa Concellería de Turismo e Comercio, pon en marcha a VII edición do Mercado de Nadal. Este evento constitúe unha acción dinamizadora do sector comercial do municipio e, ao mesmo tempo, un atractivo turístico que aumenta a afluencia de visitantes nestas datas, promovendo tamén a economía local.

O Mercado de Nadal acollerá a venda de produtos de Nadal, restos de stock, manualidades, artesanía, etc., co fin de favorecer o desenvolvemento local e a convivencia entre as persoas.

OBXETO

Estas bases establécense coa finalidade de regular a organización e realización do *VII Mercado de Nadal* en Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os seus participantes, que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

LUGAR E DATA DA CELEBRACIÓN

O *VII Mercado de Nadal* celebrarase os días 5 e 6 de decembro de 11:00 a 19:00h na Praza Paradela do Concello de Gondomar.

En caso de condicións meteorolóxicas adversas, trasladarase aos días 12 e 13 de decembro, mantendo o mesmo horario. No caso de non poder celebrarse nesas datas, o evento será cancelado.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderá presentar a solicitude de inscrición: asociacións sen ánimo de lucro, comercios, autónomos, particulares, colexios, etc. con preferencia á veciñanza de Gondomar.

Cod. Validación: 469WNYZNC74KY4JFPRTSCESMC
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Para participar será necesario:

- Cubrir o ANEXO I que se achega con estas bases.
- Entregar Rexistro Xeral do Concello (horario: 8:00 a 14:00 h) ou na Sede Electrónica:
    1. ANEXO I cuberto.
    2. Aportación dos productos de nadal para colaborar co Banco de Alimentos Municipal.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días naturais, contados a partir do día da publicación destas bases na páxina web do Concello de Gondomar (concellodegondomar.gal)

A veciñanza de Gondomar terá prioridade, e non se coñecerá a relación de solicitudes admitidas ou excluídas ata finalizado o prazo.
Non se admitirán solicitudes fora de prazo.
Deberanse aportar **alomenos 4 produtos típicos de Nadal** (SÓ DE NADAL) para colaborar co Banco Municipal de Alimentos.

SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

A selección dos participantes farase seguindo a orde de entrada das solicitudes, dando preferencia á veciñanza de Gondomar.
Deberá haber un mínimo de 10 solicitudes para levarse a cabo a celebración do *VII Mercado de Nadal*.
Só se aceptarán solicitudes que se comprometan a asistir os dous días ao *VII Mercado de Nadal*.

POSTOS OU STANDS

- A localización dos postos realizarase seguindo a orde de entrada das solicitudes, dando preferencia ás persoas empadroadas no municipio.
- O número máximo de postos será de 15, que se identificarán cun número asignado segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.
- Cada participante poderá dispoñer dun único posto.
- O espazo asignado a cada posto será de 3 × 3 metros.

Cod. Validación: 469WNYZNC74KY4JFPRTSCESMC
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

- O Concello facilitará un espazo cuberto na zona destinada á celebración do mercado. O resto do material necesario (mesa, mantel, preferiblemente de cor vermella, expositores, elementos decorativos, etc.) correrá por conta de cada participante, que tamén será responsable da montaxe e do acondicionamento do seu posto.
- As persoas participantes que precisen acceso a unha toma de corrente eléctrica deberán indicalo no **Anexo I – Solicitude**, no apartado «Necesidades específicas».
- Os horarios de acceso de vehículos para a montaxe e desmontaxe serán os seguintes:
    - **Montaxe:** de 9:30 a 11:00 h.
    - **Desmontaxe:** de 19:00 a 21:00 h.
- Fóra dos horarios establecidos, queda prohibido o acceso de vehículos á praza.

OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN

Concello de Gondomar será encargado de:

- Dar acceso a toma de corrente eléctrica onde sexa posible.
- Instalación de contedores para manter a limpeza.
- Habilitar espazos cubertos.
- Facilitar cartelería e difusión.
- Comunicar ás persoas participantes a aceptación da solicitude e asignación do número de posto.

OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

- Manter un comportamento adecuado cara ao público e entre eles.
- Quedan prohibidas actividades que supoñan risco de accidente.
- Respectar os espazos adxudicados, sen invadir zonas comúns con mercadorías ou embalaxes.
- Non se permitirán cociñas, estufas nin elementos con combustible gaseoso, salvo autorización expresa do Concello.
- Recoller e deixar limpo o espazo ocupado.
- Os postos deberán estar listos ás 11:00 h
- O Concello resérvase o dereito de modificar, suspender ou cancelar o Mercado.
-

Cod. Validación: 469WNYZNC74KY4JFPRTSCESMC
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

- Notificar por escrito a renuncia á participación no caso de non poder asistir. No suposto de que a persoa participante, unha vez confirmada a súa participación, non asista algún dos días de celebración sen causa xustificada nin comunicación previa, poderá ser penalizada coa exclusión das próximas convocatorias desta iniciativa, así como doutras actividades ou iniciativas organizadas polo Concello de Gondomar durante o ano 2027.
- Cada participante deberá traer a súa propia prolongación eléctrica no caso de precisar conexión á toma de corrente facilitada pola organización.
- Recoller o posto ao finalizar cada xornada.
- Entregar alomenos 4 produtos típicos de Nadal (bebidas alcohólicas non permitidas).
- A participación implica aceptación e cumprimento das bases.

Cod. Validación: 469WNYZNC74KY4JFPRTSCESMC
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4